BARRICADA

Zehra Doğan

Este texto é unha recompilación de fragmentos extraídos de conversacións sobre a imaxe da resistencia plasmada nunha barricada, mentres cosía un quilt e construía esta barricada durante un ano, xunto cos amigos que me axudaron.

.....

Crecín nas terras do Kurdistán, nunha casa pequena pero chea de xente, con nove irmáns e irmás, unha avoa, un avó, tías, sobriños e curmáns. Por iso, a frase “un cuarto propio”, de Virginia Woolf, sempre me pareceu estraña. O meu cuarto propio era o quilt co que me tapaba polas noites, que sempre cambiaba, pero creaba o mesmo efecto.

Este quilt, que compartía coa miña irmá e co meu irmán maior, xa que durmiamos no mesmo colchón, non era completamente meu. Para crear un espazo que nos pertencese, como todos os nenos que probablemente se criaron en condicións similares ás nosas, desenvolvemos unha estratexia baseada nos nosos movementos corporais baixo ese quilt compartido. Ao cubrirnos a cabeza con el estando en posición fetal e meter unha parte baixo os pés, entre as pernas ou baixo as nádegas mentres o empuxabamos cos cóbados, desenvolvemos, nese momento, a capacidade de construír, dentro dese quilt compartido, un espazo privado de noso.

Nun espazo no que a soidade era imposible, grazas a ese quilt podiamos entrar no noso mundo imaxinario, no noso espazo persoal, e crear un universo privado; de feito, hoxe en día aínda vivo así. Por exemplo, mesmo en Europa, onde levo vivindo no exilio desde 2019, sigo sen ter un espazo realmente meu. Non importa onde estea, mesmo cando dispoño de cuarto propio, só despois de cubrirme a cabeza co quilt e de colocar o meu corpo dunha determinada maneira, me sinto dentro dese cuarto que me acompañou desde a infancia.

Este vínculo que desenvolvín co quilt non só se debe a que proveño dunha familia numerosa, senón tamén a que crecín nunha rexión moi afastada das formas típicas de "espazos íntimos" que ofrece o mundo moderno. Con todo, aínda que as épocas e os lugares cambien, o quilt segue sendo o meu refuxio máis familiar, seguro e íntimo, porque se pode atopar en calquera parte. Nun fogar no que a intimidade non se construía coa arquitectura, senón cos límites do corpo, o meu cuarto propio sempre foi ese quilt co que me tapaba. A relación que establecín cunha manta portátil en lugar de cun cuarto fixo debeu ser, de feito, un intento de crear un espazo debido a que carecía del.

Poderíase dicir que na casa onde crecín viviamos en comunidade. As nosas pertenzas persoais e os nosos espazos privados eran moi limitados, polo que descubrimos o concepto de propiedade bastante tarde. Pero o profundo desexo que tiña de facer realidade os meus soños levoume a crear espazos propios dentro de casa. No verán cheguei a construír refuxios, cidades ou rúas secretas no alto dunha árbore; no outono, baixo a mesa do comedor que nunca se usaba; no inverno, baixo o quilt. A miña insistencia en non dobrar o colchón solucionouse mediante un acordo coa miña nai. En canto terminaba de almorzar, metíame baixo o quilt, pechaba os ollos na atmosfera máxica que creaba o meu cuarto propio e entregábame durante horas aos meus soños e ao meu mundo imaxinario. Esta situación sacábame da pobreza na que viviamos e da dura realidade dun mundo dominado pola guerra. No mundo imaxinario que construín baixo o quilt podía vivir como quería.

Que a miña familia aceptase os espazos que eu creaba e os considerase parte da casa non foi fácil. Creo que o feito de cubrirme constantemente con este quilt para convertelo nunha ferramenta da miña propia vida chegou a ser aceptado polos demais membros da familia, e o asunto resolveuse cun simple “Zehra é así”.

O quilt era, de feito, unha barricada entre a miña familia e eu, entre o mundo e eu. Grazas a esta barricada que construín cun material moi fráxil e fácil de destruír, proclamei a miña autonomía. Permitiume sentirme

máis feliz e segura naquela casa. Ás veces, víanme como unha estraña, ou mesmo unha tola, pero ser aceptada tal como era reforzou o meu vínculo coa vida. Mentres existise no meu propio mundo, atopaba, á miña maneira, un medio para existir tamén no mundo exterior.

Hoxe, no meu estado errante, sen unha patria nin un lugar propio, lonxe do meu país, o quilt é, sen dúbida, o obxecto que máis me reconforta. É como un medio de teletransporte que me fai viaxar ao mundo imaxinario da miña escolla, lonxe da vida real, que ás veces pode ter unha carga emocional difícil de soportar. É tamén unha barricada na que podo refuxiarme en calquera momento, época ou lugar nos que non desexo estar. Ás veces pregúntome: se experimentase o oposto ao que coñecía daquela, quen sería hoxe?, que me dirían a miña memoria, as miñas sensacións ou a miña personalidade? Se me arrincasen de súpeto aquel quilt, se me destruísen o meu refuxio no alto da árbore ou debaixo da mesa, e se me castigasen polo que estaba a facer, que dano sufriría o meu ser e que rumbo tomaría a miña vida dentro daquela familia?

Barricada: da intimidade á resistencia pública

A medida que presenciaba, na terra onde crecín, a rapidez coa que se militarizaba o espazo público, as rúas ou as prazas, a relación de protección que desenvolvera co quilt transformouse noutra cousa: unha barricada.

As barricadas son fortalezas que se levantan para sobrevivir e defender os espazos de cada un. Constitúen un elemento central na historia das revolucións e un poderoso símbolo dos grandes levantamentos, non só a nivel físico, senón tamén metafórico. A barricada é un elemento arquitectónico defensivo que nace da simple reutilización de obxectos dispoñibles, coma cadeiras, cadeiras de brazos, bolsas, pedras, árbores, rodas ou portas que non se crearon con ese propósito. Por separado, cada un destes obxectos ten un significado diferente; con todo, unha vez unidos, convértense nun único elemento de resistencia e nunha das imaxes máis impactantes das loitas sociais.

As numerosas barricadas que se levantaron durante a Comuna de París no século XIX, en España en 1936, en Alemaña nos anos corenta ou en América Latina e París en maio son todas exemplos de obxectos cotiáns transformados en mecanismos de defensa, afastados da súa finalidade habitual. Unha cadeira de brazos no medio da rúa, de forma illada, resulta unha imaxe estraña, pero, cando se combina con outros obxectos, ese carácter estraño desaparece, pois xa non se trata dunha cadeira de brazos, senón dunha barricada.

A barricada, que non se basea en ningún plan arquitectónico profesional nin nun kit xa preparado, nace da intervención directa das masas. E é precisamente aí onde reside a súa forza: unha forma alternativa de defensa creada polo paso do pobo do horizontal ao vertical, fronte ao poder vertical da violencia estatal. As pedras arríncanse do seu sitio, as rúas reconfigúranse.

Paz, resistencia e vida

En 2013, cando a organización Estado Islámico atacaba aldeas kurdas en Shengal (Iraq), o que acabou coa vida de miles de persoas e coa captura de cinco mil mulleres, trasladeime á zona como xornalista para cubrir os feitos. Foi alí onde souben das barricadas.

Do mesmo xeito, durante os conflitos que tiveron lugar entre 2015 e 2016 nas rexións kurdas de Turquía, as barricadas, ás que ata entón vira como un simple elemento, convertéronse en parte da miña vida nas zonas nas que traballaba. Durante case un ano tiven que esconderme detrás delas para protexerme das armas de soldados e policías, ou de posibles intentos de arresto.

Aínda que sabía que estas barricadas, construídas para protexerse dos vehículos militares de última xeración, eran, en realidade, moi fráxiles, que me levou, coma a todos os demais, a refuxiarme tras elas? Por que estas barricadas, a pesar da súa vulnerabilidade, inspiraban máis confianza que as forzas militares? Ademais de ser levantadas para a protección física, transmitían tamén outra mensaxe? Por que miles de persoas se empeñaban en colocar eses elementos na rúa, a pesar de ser plenamente conscientes de que ían ser destruídos?

Este elemento, nacido repentinamente da desesperación dunha persoa desarmada —aínda que para un civil indefenso construílo coas súas propias mans lle parecía algo duro e sólido debido á pedra—, para un soldado nun vehículo militar blindado non era máis que un "montículo" que debía ser derrubado, unha tarefa tan simple como xogar á PlayStation. E iso foi, en efecto, o que sucedeu nalgúns casos. O feito de que a barricada puidese ter formas tan diferentes segundo o punto de vista de cada bando espertou en min un profundo interese.

O período no que establecín un contacto estreito coas barricadas coincidiu cunha época na que, na rexión kurda denominada Anatolia Oriental ou Sueste de Turquía, as forzas de seguridade oficiais levaban a cabo violentos ataques contra as cidades. O "proceso de paz", iniciado en 2013 entre o Estado turco e o movemento kurdo, chegara ao seu fin, e o ambiente relativamente optimista e pacífico deu paso a un clima caótico marcado por horribles escenas de violencia desproporcionada. O discurso político nacionalista e autoritario que comezou a dominar o Estado paralizou o proceso de paz e deu lugar a un estado de guerra non declarado na vasta rexión kurda.

Ante esta situación, o pobo kurdo adoptou como resposta unha especie de desobediencia civil: o autogoberno, que abarcaba reivindicacións democráticas e baseadas nos dereitos. Este modelo pretendía non só o recoñecemento do pobo kurdo, senón tamén de todas as identidades relixiosas e étnicas no país. Propoñía un modo de vida ecolóxico, libertario e baseado na igualdade de xénero. O Estado optou por reprimir estas reivindicacións mediante métodos clásicos de violencia. Ao declarar o estado de emerxencia, converteu un contexto de paz nun de absoluto terror.

Houbo bombardeos durante concentracións pacifistas (en Ankara, Suruç ou Diyarbakır en 2015). Nas cidades kurdas instaurouse un auténtico estado de guerra, con arrestos, detencións, redadas e o bombardeo intensivo de determinados barrios, que foron derrubados. Miles de persoas foron encarceradas e outras miles víronse obrigadas a exiliarse. Ante estes ataques, as comunidades kurdas empezaron a levantar barricadas nas súas vilas como medio de autodefensa.

Os toques de queda, impostos con frecuencia durante máis dun ano, alteraron totalmente o desenvolvemento da vida cotiá. Bloqueáronse algúns barrios e creouse unha atmosfera de asedio total mediante vehículos blindados. Para satisfacer as súas necesidades diarias e simplemente sobrevivir, a única solución que atopou a poboación foi levantar barricadas. Naquelas zonas nas que saír á rúa equivalía a unha sentenza de morte, moitas persoas —nenos, anciáns ou enfermos—foron esmagadas por vehículos blindados ou alcanzadas polas balas de francotiradores, e os seus corpos foron abandonados durante días no medio da rúa.

As multitudes arrincaban lastras, descolgaban cortinas das xanelas, sacaban mantas á rúa. Todos estes obxectos cotiáns adquiriron unha nova función: xa non facilitaban a vida, salvábana. Gran parte das armas utilizadas durante estes ataques foran importadas de países europeos. A pesar da destrución masiva e do ambiente de terror que seguiron a esta resistencia, as barricadas permitiron que moitas persoas permanecesen con vida durante bastante tempo. A relación dos nenos coa barricada converteuse nunha especie de metáfora dos xogos da guerra. Ante os toques de queda, que duraban meses, os nenos atoparon diversas formas non só de sobrevivir, senón tamén de divertirse. A foto de abaixo recolle un momento dun destes xogos. Para ir dunha rúa a outra, primeiro comprobaban con periscopios improvisados colocados ao final da barricada se había un vehículo blindado na esquina. E, así, co enxeño propio da infancia, apañábanse para cruzar dunha rúa a outra.

En definitiva...

A barricada, como elemento, altera a propia ontoloxía dos obxectos. A cadeira de brazos xa non se usa para sentar, senón para protexerse ou esconderse; as pedras (as lastras?) xa non serven para construír estradas, senón para bloquealas. Estes materiais insignificantes da vida cotiá volven mobilizarse para garantir a supervivencia.

Mesmo hoxe en día miles de persoas non poden volver ás súas casas, simplemente porque quedaron sen fogar. Segue habendo corpos desaparecidos e decenas de miles de persoas encarceradas. A dor, a rabia e o recordo daquela época aínda seguen vivos. Pero a barricada foi a resposta directa do pobo ante estes ataques. Este elemento construído no espazo público ía máis aló da intimidade: era a expresión dunha resistencia colectiva, e esa expresión segue resoando. As barricadas foron a transformación épica deses obxectos sen valor nunha imaxe poderosa.

Por suposto, quen construíu as barricadas tamén sabía que estas seguirían sendo fráxiles fronte ás bombas, que se derrubarían rapidamente. Pero, para eles, a barricada non era só un medio de protección física, senón unha metáfora da existencia. Opoñerse, mediante un elemento sinxelo, ás poderosas imaxes do autoritarismo e do militarismo (tanques, canóns etc.), rexeitar a submisión, defender o propio espazo vital. Se a forma da barricada parece rectangular, áspera e dura, débese, sen dúbida, á imaxe da manta da miña infancia, cuxa forma, na miña memoria, evoca unha sensación de suavidade. Coma min, moitos nenos experimentaron a posibilidade dunha vida plural baixo unha soa manta. Inspirada na teoría de Judith Butler, que considera a vulnerabilidade unha especie de existencia compartida, esta manta-barricada está especialmente aberta á vulnerabilidade dos corpos que, ao longo da historia, foron menosprezados, borrados ou invisibilizados. Neste sentido, a barricada é á vez un espazo de exposición e de refuxio. Non se resiste empuxando, senón envolvendo; non grita, absorbe. Isto faise eco do momento de "ruptura feminista" descrito por Sara Ahmed. O momento no que a amabilidade non pode soportar máis a opresión e, polo tanto, traza un límite. Nesta barricada a amabilidade non é unha retirada, senón un rexeitamento construído con tenrura.

Trátase dunha chamada a reconfigurar a política do espazo para liberalo de xeometrías ríxidas e arquitecturas masculinizadas. O quilt, tradicionalmente vinculado ao ámbito doméstico, á intimidade e a un tipo de creación colectiva, leva nas súas fibras unha memoria histórica. Nesta obra, convértese nun tema político: desmonta a dualidade público-privada e revela a estética do coidado como instrumento de resistencia.

O quilt-barricada álzase como un monumento silencioso tanto á fraxilidade colectiva coma á resistencia tecida con amabilidade. Non se rende ao espectáculo de virilidade que o poder lle reclama á resistencia. En lugar diso, ocupa o seu lugar no espazo a través do tecido, da delicadeza corporal e das relacións, para redefinir así o que pode ser unha barricada.

As pedras do levantamento amable: o espazo tras a barricada

Levantei a miña barricada no corazón da igrexa de San Domingos. Esta elección non foi casual, xa que a historia que arrastra este lugar resoa co meu modo de crear a barricada. Foi unha igrexa, pero posteriormente sufriu danos durante a guerra, ao ser bombardeada. Propúxose destruíla, pero o pobo opúxose; máis tarde, decidiuse desmontar as súas pedras para construír camiños, e o pobo volveu opoñerse. Estas pedras, a pesar de pertencer a unha fe xa desacralizada, consideráronse dignas de ser preservadas.

Hoxe non ten nin congregación nin orde relixiosa; con todo, a pesar da perda da súa función orixinal, a igrexa conservouse e converteuse en soporte para outros usos: un cárcere de mulleres, un espazo expositivo público... Mentres as pedras deste edificio relixioso permanezan no seu lugar, todo é posible.

A pregunta fundamental que debemos facernos é a seguinte: que merece a pena protexer?, cando, e para quen, ten valor unha pedra, unha estrutura ou unha crenza?

Na miña terra natal, o Kurdistán, durante os toques de queda, as estradas perderon a súa función, xa que ninguén podía camiñar por elas. Pero estas pedras, xa inservibles, cobraron un novo significado: convertéronse en barricadas, en estruturas de defensa civil levantadas para protexerse da violencia do Estado. A súa inutilidade transformouse en "espazos de supervivencia". Mulleres e nenos romperon os canlóns para crear periscopios; construíron redes subterráneas ou sistemas de comunicación que percorrían os tellados. Para nós, a barricada era a arquitectura dun soño de autonomía, no corazón mesmo da destrución.

Detrás da barricada escóndese un espazo que hai que protexer; pero esta protección non é unha mera defensa, senón unha proposta de contraespazo. Cando alguén entra, un vídeo lle dá a benvida: son imaxes de arquivo de mulleres e nenos construíndo barricadas. Estas estruturas colectivas, levantadas contra o silencio, a violencia e a destrución, ofrécenlle ao espectador actual un tipo diferente de experiencia espacial. A parte de atrás da barricada convértese nun lugar acolledor e hospitalario, un espazo que inclúe e envolve. Na parte de diante da barricada hai un buraco; quen mira a través del non ve a parte de atrás, senón o exterior, a parte dianteira. A fotografía que aparece enmarcada nesta apertura inmortaliza un instante: un neno, en tempos de guerra, mirando a través dun buraco de bala na parede. O neno mira, pero nós nunca poderemos chegar a ver o que el ve.

Esta imaxe actúa como un espello invertido. Nun espazo expositivo en Europa, ao mirar a un neno desde outro lugar, só podemos imaxinar o que el ve: destrución, medo, outra cara. Se non estamos detrás da barricada, só podemos ver o neno mirando, non o que está a mirar. Só podemos sentir o que el ve se cruzamos a barricada.

A estrutura óptica, inspirada no periscopio elaborado polos nenos a partir dos canlóns, sitúase xusto á esquerda da barricada. Permite que a persoa que está detrás desta vexa a parte dianteira. A mencionada estrutura pretende destacar que alguén privado do seu fogar non só ten dereito a defenderse, senón tamén a observar e a ser testemuña. Así, a barricada serve para protexer e tamén para ver o outro lado, para comprender e, mesmo, para transformar. Substitúe a mirada cega que permite as execucións sumarias por unha recíproca: unha mirada que ve e é vista.

Segundo Edward Said, o exilio non é só unha separación física, senón tamén unha distancia intelectual. Unha persoa privada de refuxio non está nin totalmente dentro nin completamente fóra. Este punto intermedio permite ver o mundo desde unha nova perspectiva e deconstruír os mitos da pertenza. A miña presenza neste espazo tamén se atopa nese límite: non pertenzo a el, pero tampouco me é totalmente alleo. E é precisamente esta posición intermedia a que me permite propoñer outra lectura do espazo: a da posibilidade dunha barricada tecida por mulleres, no corazón mesmo da historia patriarcal.

A miña barricada confronta o que tradicionalmente debe protexerse —a fe, a estrutura, o sagrado— co que ha de ser protexido para sobrevivir —o corpo, a memoria, os bens comúns—. As pedras da igrexa permaneceron no seu sitio, e todo foi posible. As pedras da barricada, pola contra, foron arrincadas do chan, e delas só xurdiu unha cousa: a resistencia. Hoxe, estas pedras e teas achéganlle outra historia, outra voz de muller, á memoria deste lugar. Do mesmo xeito que as barricadas invisibles das mulleres, esta técese a partir de teas, silencios e miradas. Non se desprega de fóra cara a dentro, senón de dentro cara a fóra. A barricada xa non é unha liña de defensa; convértese nun escenario da memoria, da resistencia colectiva e da autonomía amable. Eu, no corazón mesmo desta obra, non son nin de aquí nin de alí, pero neste non-lugar abro un espazo, non para protexerme, senón para ser testemuña e sobrevivir xuntos.

A barricada é unha tradución material do non-lugar e da ausencia de fogar. Do mesmo xeito que Edward Said define o exilio non só como unha perda, senón tamén como unha maneira de pensar, esta barricada nace dese desprazamento. O edredón, que na casa protexe e envolve, convértese aquí nun obxecto-fronteira: unha barreira ou un refuxio temporal. Deste xeito, a barricada inclúe tanto como exclúe, do mesmo xeito que o exilio, ocupa unha posición intermedia entre a pertenza e o rexeitamento. O edredón —símbolo de calidez— convértese aquí nunha armadura de resistencia; o fogar transfórmase nun territorio que se move co corpo. E, de novo, para Edward Said, quen considera o exilio como unha devastación e un modo singular de pensamento, o exiliado nunca pertence plenamente a un lugar, e precisamente esta condición impídelle consagralo ou establecerse nel. A falta de pertenza abre un espazo crítico. A miña presenza neste lugar fundaméntase na devandita posición: non pertenzo a esta igrexa nin aos códigos históricos que implica, pero é exactamente esta ausencia de arraigamento o que me permite crear novos significados dentro dela. A barricada que tezo coa memoria das mulleres, dos exiliados, dos presos e dos nenos ofrece unha voz contraria —amable pero resistente— á historia patriarcal deste elemento arquitectónico.

A frase de Edward Said, “mesmo cando estás lonxe de casa, sempre o tes presente”, materialízase aquí no recordo do edredón. A barricada deixa de ser unha simple liña de defensiva para converterse nun espazo colectivo construído a partir do recordo de quen foi arrincado da súa terra. Cada puntada, cada prego, convértese en testemuño dese desprazamento. Esta barricada non só bloquea, tamén abre unha vía ao construír un novo lugar ao que pertencer.

Esta barricada achégalle, a un lugar marcado polas guerras do pasado, unha nova forma de loita, amable pero insistente, íntima pero colectiva, invisible pero persistente. Non é unha barricada que se levanta desde fóra cara a dentro, senón que se desprega desde dentro cara a fóra. Non para protexer, senón para ser testemuña e sobrevivir xuntos. É a barricada de quen quere á vez esconderse e ser visto, protexer e ver. É a barricada de quen pensa na arte como un fogar, ou como un lugar de resistencia, para quen non poden regresar.

.....

PRODUCIÓN

Zehra Doğan
Steeve Casteran
Şermin Langhoff
Naz Oke
Refik
Afat Baz
Ozgür Rayzan
Nerea Lores Acuña
Fátima Cobo Rodríguez
Juan Carlos Calvo Abelleira e o seu equipo

Comisarios: Agar Ledo e Antón Castro

AGRADECEMENTOS

A Wenda Koyuncu, Erden, Maral, Yunus, Hülya Dılo, Berfin, Yavuz, Özgür Reyzan, Afat Baz, İda Pisani, á Academia de Xineoloxía, aos traballadores de prensa kurdos e á miña familia…

Tradución do turco ao inglés: Lucie Bourges
Tradución do inglés ao galego: Servizos Lingüísticos, Deputación de Pontevedra